

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A SOCIEDADE PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A., PARA A CELEBRACIÓN DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DE PEMES "GALICIA AVANZA" PARA AS CONVOCATORIAS 2024 E 2025.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2024

R E U N I D O S

Dunha parte, D^a. MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia e presidenta da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN) e do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), actuando no exercicio do cargo para o que foi nomeada por Decreto 67/2023, do 14 de xuño (DOG nº 1113, do 15 de xuño), en uso das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, (modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo) e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus Estatutos, (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro e polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro) e do artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do IGAPE.

E doutra parte, D^a. PATRICIA ARGEREY VILAR, con DNI 33.329.475-Z, quen actúa en nome e representación da entidade Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. na súa calidade de vicepresidenta e conselleira delegada, en virtude dos poderes outorgados polo consello de administración de data 22 de xaneiro de 2013, elevados

a público ante o notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández segundo a escritura notarial de data 5 de marzo de 2013 e número 368 do seu protocolo, polo que se delega no conselleiro delegado, para o seu exercicio, todas as facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

E X P O Ñ E N

PRIMEIRO.-

Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

Que a Axencia Galega de Innovación está adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que a Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a

promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO.-

Que o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), é un ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, adscrito á Consellería de Economía, Industria e Innovación.

O IGAPE creouse como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo, ademais de levar a cabo accións de apoio ás empresas galegas no seu proceso de expansión exterior.

Entre os seus obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas e facilitar servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das empresas e a mellora do sistema produtivo galego. Asemade, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece que o IGAPE terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

TERCEIRO.-

Que o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en diante PTG, S.A.) é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que

utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Ademais PTG, S.A. mantén vínculos activos de colaboración con Universidades, Centros de Investigación e Empresas co obxectivo de fomentar as actividades de I+D+i e o desenvolvemento e a competitividade empresarial.

Neste sentido, PTG, S.A. achega unha dilatada experiencia dende a súa constitución no ano 1991, para desenvolver actividades que contribúan á promoción económica e ao desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. O seu obxecto social contempla o papel como axente dinamizador da I+D+i en toda Galicia e concretamente atribúenselle estas capacidades:

- Prestar á Xunta de Galicia e aos organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outro plan.
- Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
- A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.

A entidade mercantil "PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.", órgano de xestión da Tecnópole, foi orixinariamente constituída baixo a denominación de "PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA - OURENSE S.A." en escritura outorgada en Ourense, ante o notario que foi desa cidade D. Álvaro Moure Goyanes, o 11 de decembro de 1991, baixo o número 1618 de protocolo, e inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense, tomo 185, folio 169, folla OR-1207. A súa primeira denominación foi modificada pola de PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. en escritura autorizada polo notario que

foi de Ourense D. José Cora Guerreiro, o 10 de xuño de 1993. A denominación actual de PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. foi modificada a través de escritura pública de data do 9 de xullo de 2012.

A participación da Xunta de Galicia na sociedade foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia na reunión do 18 de xullo de 1991 na cantidade de 147.248 euros, non podendo ser a devandita participación inferior ao 10% nin superior ao 50% do capital social fundacional.

A configuración do capital social inicialmente subscrito polos diferentes accionistas foi obxecto de varias modificacións. Así, a través das escrituras de compravenda de accións do 20 de febreiro de 2003 e do 10 de maio de 2004, a Xunta de Galicia transmitiu parte das súas accións á Sociedade Xestora de Intereses da Universidade de Santiago de Compostela S.L.L. (UNIXEST) e á Universidade da Coruña.

No ano 2008 levouse a cabo unha ampliación de capital, emitíndose 2200 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 198,99 €/acción. O acordo desta ampliación elevouse a público mediante escritura outorgada en Ourense o 9 de febreiro de 2009 ante o notario Fernando Martínez-Gil Fluxá baixo o número 246 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, a Xunta de Galicia subscribiu 990 accións mantendo así a súa participación.

No ano 2015 levouse a cabo a última ampliación de capital, emitíndose 675 accións cun importe nominal de 601,01 €/acción e unha prima de emisión de 238,99 €/acción admitindo a subscrición incompleta de accións. O acordo desta ampliación elevouse a pública mediante escritura outorgada en Santiago de Compostela o 9 de marzo de 2016 ante o notario Manuel Remuñán López baixo o número 411 do seu protocolo. En virtude desta ampliación, á que acudiron unicamente a Xunta de Galicia e a

Confederación Empresarial de Ourense, a Xunta de Galicia subscribiu 303 accións pasando a ter unha representación do 50,52% do capital social.

A composición actual do accionariado do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., é a seguinte:

Entidade	Nº accións	Importe (€)	% Participación
Xunta de Galicia	1518	912.333,18	50,52
Abanca Corporación Bancaria S.A.	1122	674.333,22	37,34
INORDE	105	63.106,05	3,49
Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense	50	30.050,50	1,66
Concello Ourense	50	30.050,50	1,66
Concello San Cibrao	20	12.020,20	0,74
Confederación Empresarial de Ourense	12	7.212,12	0,40
Unión General de Trabaxadores	10	6.010,10	0,33
Universidade de Vigo	54	32.454,54	1,80
UNIXEST (USC)	54	32.454,54	1,80
Universidade da Coruña	10	6.010,10	0,33
Total	3005	1.806.035,05	100,00

A Sociedade está rexida e administrada por unha xunta xeral de accionistas e polo consello de administración, no que a representación da Xunta de Galicia é maioritaria.

CUARTO.-

Que o 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a tres prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de cinco obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 2 busca equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado.

En consecuencia, este convenio enmárcase na RIS3 respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico equilibrar a excelencia na investigación e a súa aplicabilidade no mercado (obxectivo estratéxico 2), integrándose polo tanto no programa Innova e Emprende.

QUINTO .-

Que PTG, S.A., sendo coñecedora de primeira man da necesidade de apoiar as empresas innovadoras con alto potencial de crecemento no seu desenvolvemento,

favorecendo a internacionalización, o *networking* e o acceso a financiamento destas, puxo en marcha en 2015 co apoio de GAIN o primeiro programa do Centro de Excelencia para o Impulso do Crecemento Sustentable da Peme Innovadora Galega que se coñecería como Programa Agrobiotech Innovación. O Programa Agrobiotech Innovación ten o obxectivo de, a través de accións de aceleración global outorgar ás pemes participantes a mellora nas súas capacidades para:

- Mellorar a xestión empresarial e os modelos organizativos;
- Ampliar a comercialización de produtos ou servizos innovadores;
- Desenvolver novos produtos ou servizos con socios nacionais e internacionais nun marco de innovación aberta;
- Incrementar a capacidade de captación de financiamento privado e público europeo en H2020.

Debido ao óptimo desenvolvemento do Programa Agrobiotech Innovación en 2015 celebráronse dúas edicións adicionais nos anos 2017 e 2019 cunha participación de 32 empresas innovadoras galegas o que consolida a experiencia de PTG, S.A. en programas de aceleración dirixidos a empresas en diferentes ámbitos de especialización.

Baseándose na experiencia do Programa Agrobiotech, Tecnópolis e GAIN volveron colaborar en 2020 para levar a cabo un novo programa de aceleración especializado na comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da covid-19, denominado CONNECT-19, cuxo obxectivo foi o impulso e fortalecemento do acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego coa finalidade de contribuír a reducir o impacto social e económico provocado pola covid-19. Neste programa participaron 20 empresas.

Coas tres edicións do Programa Agrobiotech Innovación e CONNECT-19, xeráronse dinámicas de apoio aos equipos directivos das empresas para que desde a valorización do coñecemento, desde a innovación, desde a internacionalización e o reforzamento das súas capacidades financeiras e de *management*, puideran emprender sendas de crecemento sustentable, o que os levou a obter resultados tanxibles e cuantificables.

Dende o ano 2015 PTG, S.A. desenvolveu dinámicas de traballo no ámbito da aceleración de empresas, que unidas aos recursos existentes en Tecnópole, permitiron optimizar o financiamento asignado, conseguindo en cada edición de Agrobiotech manter ou incluso incrementar resultados e beneficiarios con dotacións orzamentarias decrecentes.

Actualmente PTG S.A. está desenvolvendo en colaboración con GAIN e IGAPE o programa de aceleración especializado na comercialización internacional da innovación, denominado GALICIA AVANZA, co obxectivo de impulsar a internacionalización das pemes innovadoras de calquera ámbito ou sector que necesiten unha panca para a validación, o posicionamento e o fortalecemento da súa competitividade en mercados exteriores, achegando así o tecido empresarial galego ao mercado global. Deste programa que comezou no 2022 e que rematará no primeiro trimestre de 2024, resultaron beneficiarias 60 empresas que foron seleccionadas nas dúas convocatorias que se lanzaron. Estando a primeira totalmente rematada e a segunda en plena fase de execución dos itinerarios.

SEXTO.-

Que a internacionalización é sempre una tarefa de alto esforzo, e cando se trata de produtos e servizos innovadores aínda é máis complexo. Moitas veces as pemes innovadoras carecen dos recursos suficientes para superar as barreiras de entrada nos mercados exteriores e posicionar os seus produtos e servizos. Existe por tanto,

a necesidade de acompañar a transformación da I+D en negocios, como un valor crítico a superar especialmente por parte das empresas innovadoras.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación ten a intención de continuar impulsando as primeiras etapas de madurez comercial como unha fase crítica para o retorno dos esforzos públicos e privados na innovación. Deste modo, a través de GAIN e IGAPE, e coa colaboración de Tecnópolis, dáse cobertura á etapa posterior de internacionalización, na cal o IGAPE dispón dunha grande experiencia e instrumentos de apoio.

SÉTIMO.-

Que partindo do valor engadido que implica a experiencia previa adquirida coa que conta o PTG S.A. derivada da posta en marcha dos programas de aceleración anteriormente indicados, así como dos satisfactorios resultados obtidos das ditas iniciativas, o PTG S.A. está interesado en continuar desenvolvendo o programa de aceleración especializado en internacionalización (denominado GALICIA AVANZA) a través de dúas novas convocatorias. O obxectivo é dar resposta á necesidade de impulsar a mellora competitiva das pemes galegas no exterior, mediante o apoio á innovación, a mellora da xestión, axudándolles deste xeito a afrontar os retos da actual conxuntura, así como a sentar unhas bases sólidas para o desenvolvemento competitivo futuro nun contexto de globalización.

O citado Programa "GALICIA AVANZA" detállase no plan de actividades que se incorpora ao presente convenio como anexo I.

OITAVO.-

Que o plan de actividades incluído no desenvolvemento do programa de aceleración proposto polo PTG S.A. configúrase como axeitado para contribuír a acadar o

concreto interese da Xunta de Galicia neste eido e como medida idónea para complementar as actuacións que GAIN e IGAPE están implementando en relación co crecemento e internacionalización das pemes galegas innovadoras en desenvolvemento das competencias que lles corresponden nestas materias.

NOVENO.-

A Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE) recoñece o valor dos Parques como ecosistemas de innovación, promotores de iniciativas de transferencia de tecnoloxía grazas á convivencia de empresas, universidades e centros tecnolóxicos que os converten nunha contorna ideal para impulsar estratexias rexionais.

Estes ecosistemas non se ven reproducidos en ningún outro organismo do sistema nacional de innovación, polo seu carácter transversal non sectorial, no que se constrúen relacións efectivas entre empresas, universidades e centros de investigación que comparten a contorna, favorecendo a transferencia de coñecemento e tecnoloxías á industria e reforzando conexións con empresas tractoras. Neste sentido PTG, S.A. é o promotor adecuado para calquera iniciativa de aceleración empresarial na que a innovación sexa relevante.

Adicionalmente PTG, S.A. ten un percorrido de 30 anos de experiencia impulsando actividades industriais avanzadas, a través da súa involucración en proxectos de incubación e aceleración de empresas, asesorando en materia de I+D+i e facilitando o acceso a financiamento de proxectos innovadores, todo iso en consonancia con estratexias rexionais como a RIS3. Esta experiencia e versatilidade garante a calidade na xestión e éxito operativo do programa.

PTG, S.A. é o único parque científico-tecnolóxico de Galicia, representando o espazo físico de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado, ten

experiencia demostrada no desenvolvemento de programas de aceleración para empresas e conta cos profesionais e colaboradores necesarios para levar a cabo as actuacións obxecto desde convenio.

DÉCIMO.-

Á vista da experiencia e coñecemento de PTG, S.A. exposta, considérase que non hai outra entidade en Galicia que permita garantir o éxito de execución e de cumprimento de prazos que o obxecto do programa de aceleración GALICIA AVANZA esixe.

UNDÉCIMO.-

Que GAIN e IGAPE consideran de interese público o aproveitamento dos coñecementos e da experiencia da Tecnópolis para unir as sinerxías das tres partes e apoiar as empresas innovadoras, de xeito que, aproveitando a oportunidade e a demanda social e industrial, se consiga o fortalecemento da internacionalización de solucións innovadoras en produtos ou servizos no mercado no menor tempo posible de ata 30 empresas participantes en cada convocatoria.

Á vista do anteriormente exposto resulta de interese para as tres partes a realización das actividades propostas neste programa de aceleración GALICIA AVANZA.

Con estes fins as partes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes,

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións a realizar

O presente convenio ten como obxecto determinar as bases da colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica e Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. para a celebración do programa de aceleración de internacionalización GALICIA AVANZA, nas dúas convocatorias previstas en 2024 e en 2025 respectivamente.

O Anexo I ao convenio, recolle a descrición das fases obxecto deste convenio que consistirán en:

- Fase 1. Deseño do programa, que consistirá na revisión das bases das convocatorias polas cales se rexerá a selección de beneficiarios, a definición dos pregos técnicos de contratación da consultora encargada da definición de itinerarios e a definición das actuacións de comunicación precisas.
- Fase 2. Programa de aceleración, que incluírá o lanzamento dunha convocatoria anual para a selección de 30 pemes beneficiarias do programa e a prestación dos Servizos de aceleración a través das consultora/s seleccionada/s na fase anterior.
- Fase 3. Accións de formación e capacitación transversal. Organización dun Programa de Capacitación paralelo e puntualmente con carácter aberto (non restrinxido unicamente ás empresas seleccionadas no programa).
- Fase 4. Encontros finais da actuación. Organización e celebración de dous eventos con todos os beneficiarios e axentes involucrados.
- Actuacións transversais: oficina técnica para a coordinación e dinamización de toda a iniciativa.

Para cada convocatoria, 2024 e 2025, estímase un alcance dun máximo de 30 empresas participantes e unha duración de entre 8 e 12 meses por anualidade.

O Programa terá carácter práctico, combinando a capacitación transversal, a mentorización e a realización de actividades de aceleración segundo itinerarios personalizados de forma individual ou combinando varios en base ás necesidades a abordar.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar e obrigas da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica

GAIN e IGAPE asumen as seguintes obrigacións:

- I. No relativo ao desenvolvemento global da iniciativa e coordinación do programa:
 - a) Participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico.
 - b) Facilitar ao PTG S.A apoio na comunicación e difusión do programa a través dos seguintes medios:
 - i. Facilitar ao PTG S.A. os seus logos e o seus nomes na publicidade e nos materiais e documentos, tanto físicos como virtuais, que se deseñen e editen relacionados coa difusión e execución do programa. Sendo obrigatorio o seu uso, xunto cos logos e nomes do PTG S.A., sempre coa supervisión e autorización previa de ambas entidades ao contido e deseño destes materiais.
 - ii. Incorporando unha ligazón de acceso directo desde as súas páxinas webs corporativas aos contidos da aceleradora de empresas na páxina web do PTG, S.A.
 - iii. Dando acceso ás pemes que participen no programa ás redes xestionadas por aquel organismo, tales como redes de mentores, investidores, etc.
 - c) Seguimento da oficina técnica a través da Comisión de Seguimento para aprobación das cuestións necesarias propostas polo PTG S.A. como oficina

técnica para a súa correcta execución, incluíndo aquelas tarefas precisas para correcto desenvolvemento técnico e económico do programa.

Na fase 1 de Deseño do programa as seguintes:

- a) Definición dos criterios básicos dos servizos, experiencia previa, e capacidades das consultoras que prestarán os servizos de aceleración, e aprobación dos pregos técnicos de contratación de consultoría propostos por PTG S.A para que proceda a súa licitación.
- a) Participación nas Mesas de contratación da consultora cun membro cada unha das entidades, GAIN e IGAPE.
- b) Participación, a través dun técnico cada entidade, na comisión de expertos encargada da valoración das ofertas técnicas dos licitadores presentados ao concurso para a contratación da consultora.

Na fase 2 de Programa de aceleración:

- a) Definición dos criterios para a elaboración por parte do PTG das Bases de cada convocatoria do programa de aceleración GALICIA AVANZA.
 - b) Como parte do Comité Técnico participarán en cada convocatoria na
 - Avaliación, valoración e selección de ata un máximo de 30 empresas beneficiarias do programa emitindo os correspondentes informes coa valoración obtida por cada un dos solicitantes.
 - c) Avaliación e validación das follas de ruta de fortalecemento elaboradas para cada peme participante individual segundo o informe realizado polo PTG S.A.
- II. Apoio na elaboración do plan formativo de capacitación transversal asociado á Fase 3 do programa proposto por PTG S.A.
- III. Avaliación e validación dos contidos específicos do evento final de cada convocatoria da Fase 4 do anexo I.

- IV. Definición e seguimento dun cadro de mando con indicadores chave da evolución global do programa así como do progreso de cada unha das follas de ruta das pemes participantes.
- V. Contribuír á difusión da iniciativa a través dos medios propios.
- VI. Achegar os recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio conforme ao previsto na cláusula relativa ao compromiso económico.
- VII. Cumprir coas obrigacións específicas en materia de información sobre convenios.
- VIII. Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula décimo primeira do presente convenio.

TERCEIRA.- Actuacións a realizar e obrigas do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

- I. En canto ao desenvolvemento do programa PTG S.A. asumirá as seguintes obrigas:
 - a) Actuar como a Oficina Técnica do programa de aceleración asumindo a súa coordinación, xestión, seguimento e control, conforme ao Anexo I deste convenio e todos os aspectos que se definan na súa posta en marcha por parte da Comisión de Seguimento e Coordinación.
 - b) Participar na Comisión de Seguimento do convenio e no Comité Técnico das dúas convocatorias.
 - c) Informar e actualizar os indicadores do cadro de mando da iniciativa.
 - d) Elaboración en base aos informes parciais do cadro de mando, dun informe final de execución técnica e resultados acadados ao termo de cada convocatoria, tanto a nivel global como para cada unha das pemes participantes.

- II. Na fase 1 de Deseño do Programa serán as súas obrigas:
- a) Definición e elaboración das bases de cada convocatoria do programa de aceleración e aprobación conxunta con GAIN e IGAPE.
 - b) Definir un plan de difusión e sometelo á aprobación do Comité de Seguimento.
 - c) Exercer como órgano de contratación, sendo as súas responsabilidades as seguintes:
 - i. Elaboración da proposta dos pregos técnicos e administrativos de contratación da consultoría para a prestación de servizos de internacionalización do Programa e someter á súa aprobación por parte de GAIN e IGAPE.
 - ii. Elaboración dos informes necesarios requiridos no proceso de contratación.
 - iii. Publicación dos pregos e informes para o concurso público.
 - iv. Convocar as mesas de contratación e participar como membros destas con polo menos dúas persoas do seu cadro de persoal.
 - v. Participar como membros do comité de expertos que se designará para valorar as ofertas dos licitadores.
 - vi. Redactar actas, resolucións e comunicacións cos licitadores.
 - vii. Comunicar a proposta de adxudicación á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e solicitar informe favorable previo de gasto.
 - viii. Elaboración do correspondente contrato e sinatura co licitador que resulte adxudicatario.

- III. Na fase 2 do Programa de aceleración:

- a) Coordinar a execución do programa, durante os anos 2024, 2025 e 2026, cunha duración estimada de entre 8 e 12 meses cada convocatoria.
 - b) Formar parte do Comité Técnico que realizará a selección de ata un máximo de 30 empresas beneficiarias do programa en cada convocatoria.
 - c) Ao longo da fase do programa de aceleración, PTG, S.A. realizará a contratación dos servizos prescritos nos itinerarios deseñados para cada beneficiario. Por experiencia en programas anteriores, estímase que para cada beneficiario formalizaranse de media entre 3 e 6 contratos de contía menor.
 - d) Avaliación e validación das follas de ruta de fortalecemento elaboradas para cada peme participante individual, acreditando o seu grao de adaptación á consecución dos obxectivos globais do programa e específicos do beneficiario.
 - e) Avaliación e validación dos potenciais provedores de servizos definidos nas follas de ruta anteriormente citadas, emitindo informe xustificativo da valoración económica e técnica das ofertas finalmente seleccionadas para cada un dos servizos asignados ao beneficiario.
- IV. O PTG S.A. poñerá a disposición do desenvolvemento do programa de aceleración GALICIA AVANZA os medios humanos e materiais precisos así como os espazos e medios técnicos existentes nas súas instalacións que resulten necesarios. Está prevista a posta a disposición de forma permanente dunha sala equipada de medios audiovisuais e telecomunicacións durante toda a duración do programa en cada convocatoria, 22 meses en total, para uso da consultora contratada, os titores e expertos encargados de dar asesoramento ás empresas beneficiarias. Este uso de salas está valorado segundo as tarifas vixentes en 100 €/día, o que resulta unha estimación 44.000 € para todo o programa, e que debe considerarse achega de PTG, S.A. a efectos deste convenio.

- V. Asumir co seu propio persoal as tarefas de coordinación, xestión, seguimento e control para a posta en marcha do Programa, sen prexuízo da coordinación á que se fai referencia no anexo I do presente convenio.
- VI. Asumir a organización dun programa de capacitación transversal e puntualmente con carácter aberto (non restrinxido unicamente ás empresas beneficiarias) que inclúen unha serie de xornadas formativas segundo a Fase 3 do anexo I, en formato virtual e presencial, con temáticas prácticas relacionadas coa internacionalización e a adquisición de competencias comerciais de produtos e servizos innovadores no exterior. Nesta actuación PTG, S.A. porá a disposición o salón de actos do Edificio CEI para a realización das xornadas formativas, que segundo as tarifas vixentes ten un custo de 500 €/día, o que resulta unha estimación de 4.000 € para as 8 xornadas previstas, o cal se considera achega de PTG, S.A. a efectos deste convenio.
- VII. Asumir a organización do evento final de cada convocatoria conforme á Fase 4 do anexo I, que terá carácter aberto, non restrinxido ás empresas beneficiarias. PTG, S.A. para estes dous eventos porá a disposición o seu salón de actos que para adaptarse aos requirimentos loxísticos será preciso reservar como mínimo tres días adicionais ao do propio evento, o que resulta dispoñer do salón un total de 8 días que ás tarifas vixentes (500 €/día) supoñen un valor total de 4.000 €, o cal se considera achega de PTG, S.A. a efectos deste convenio.
- VIII. Propoñer a GAIN e IGAPE, para a súa valoración, as modificacións que se consideren necesarias durante o programa.
- IX. Presentar previamente á sinatura do convenio os certificados que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- X. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos de seguimento.

CUARTA.- Gastos atendibles

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, dende a data da sinatura do convenio e as datas límite de xustificación detalladas na cláusula quinta deste convenio.

A estimación dos gastos segundo as principais actuacións achégase de xeito detallado no Anexo III e comprenden a seguinte clasificación:

- persoal propio
- consultorías
- contratacións para a execución dos itinerarios personalizados
- formación
- asistencia técnica
- honorarios e gastos de relatores
- contratacións varias para eventos
- alugamento e acondicionamento de espazos
- publicidade, comunicación, promoción, deseños, publicacións, contidos web...
- materiais funxibles
- custos indirectos

Autorízase de forma automática a modificación de importes entre as diferentes partidas que compoñen o dito Anexo III, sempre e cando as citadas modificacións non superen o 20% do importe total orzamentado para cada fase do programa.

Para os casos en que se exceda dese 20%, a modificación deberá ser previamente aprobada pola comisión de seguimento, sen que sexa preceptiva a sinatura de addenda.

QUINTA.– Compromiso económico

GAIN e IGAPE compensarán ao Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. polos custos xerados con posterioridade á sinatura do convenio un importe máximo de 2.200.000 € co IVE incluído (1.818.181,82 € de base imponible máis 381.818,18 € de IVE ao tipo impositivo do 21%), que se distribúen do modo seguinte:

Por entidade:

- Por parte de GAIN 1.600.000 € (IVE incluído)
- Por parte de IGAPE 600.000 € (IVE incluído)

Por anualidades, incluíndo IVE, como segue:

- En 2024, corresponderán 282.000 € coa seguinte distribución:
 - 150.000 € (123.966,94 € de base imponible máis 23.066,06 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.561A.640.0, e código de proxecto 2016.04 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2024.
 - 132.000 € (109.090,91 € de base imponible máis 22.909,09 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, e código de proxecto 2021.00014 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2024.
- En 2025, ascenderá a 1.436.000 € coa seguinte distribución:

- 1.100.000 € (909.090,91 € de base imponible máis 190.909,09 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación 09.A2.561A.640.0, e código de proxecto 2016.04 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2025.
- 336.000 € (277.685,95 € de base imponible máis 58.314,05 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, e código de proxecto 2021.00014 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2025.
- En 2026, ascenderá a 482.000 € coa seguinte distribución:
 - 350.000 € (289.256,20 € de base imponible máis 60.743,80 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación 09.A2.561A.640.0, e código de proxecto 2016.04 dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para o ano 2026.
 - 132.000 € (109.090,91 € de base imponible máis 22.909,09 € de IVE ao 21%) con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741A.640.0, e código de proxecto 2021.00014 dos orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica para o ano 2026.

O convenio asinarase de acordo coa Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, que posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Deste orzamento total, 1.535.400 € sen IVE (o 84% deste) correspóndese coa contratación de expertos para a prestación de servizos directamente a pemes, e o

resto do orzamento constitúen custos directos para levar a cabo con éxito este programa de aceleración.

Para o aboamento dos devanditos importes o Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. presentará a GAIN e a IGAPE as facturas conforme se indica na táboa seguinte:

Prazos	Xustificacións	Importes máximos totais (IVE incl.)	Importes máximos GAIN (IVE incl.)	Importes máximos IGAPE (IVE incl.)
antes do 30/11/2024	1º xustificante e informe intermedio convocatoria 2024	282.000,00 €	150.000,00 €	132.000,00 €
antes do 31/03/2025	2º xustificante e informe final convocatoria 2024	809.000,00 €	619.707,52 €	189.292,48 €
antes do 30/11/2025	3º xustificante e informe intermedio convocatoria 2025	627.000,00 €	480.292,48 €	146.707,52 €
antes do 31/03/2026	4ª e última xustificación e informe final convocatoria 2025	482.000,00 €	350.000,00 €	132.000,00 €
Importes totais		2.200.000,00 €	1.600.000,00 €	600.000,00 €

Estas xustificacións presentaranse conforme ao establecido no anexo II do presente convenio, debendo presentar PTG os correspondentes informes xustificativos e as facturas emitidas a cada entidade (GAIN e IGAPE) de forma proporcional ao compromiso de financiamento que se acorda neste convenio.

A execución da primeira convocatoria do programa terá lugar nos exercicios 2024 e 2025 prevéndose a súa xustificación final no primeiro trimestre de 2025, o que significa que durante un período de tempo estarán solapadas ambas convocatorias, rematando a primeira e iniciándose a segunda.

Sobre a convocatoria 2024 presentaranse as dúas primeiras xustificacións, unha en 2024 e a segunda en 2025, e sobre a convocatoria 2025 presentarase unha xustificación en 2025 e a última en 2026, do seguinte xeito:

- A primeira xustificación deberá presentarse antes do 30/11/2024 e por un importe máximo de 282.000 € (IVE incluído).
- A segunda xustificación e o informe final da convocatoria 2024 deberá presentarse antes do 31/03/2025 polo importe máximo total de 809.000 € (IVE incluído), co que se completaría o total orzamentado para a primeira convocatoria do programa podendo incluír tamén gastos relacionados cos inicios da convocatoria 2025 polo solapamento de ambas convocatorias.
- A terceira xustificación corresponderá á convocatoria 2025 do programa e deberá presentarse antes do 30/11/2025 e por un importe máximo total de 627.000 € (IVE incluído).
- A cuarta xustificación deberá presentarse antes do 31/03/2026 e por un importe máximo total de 482.000 € (IVE incluído).

Será posible a modificación dos prazos de xustificación contando coa aprobación previa da Comisión de Seguimento e Coordinación, procedendo á sinatura da correspondente addenda.

Por outra banda, o PTG, no marco deste convenio, alcanzará os medios persoais propios e materiais que resulten precisos (espazos e medios técnicos existentes nas súas instalacións) para participar na Comisión de Seguimento e no Comité Técnico, coordinar a execución do programa de aceleración, organizar as xornadas formativas previstas e realizar todos os labores propios de oficina técnica. PTG asumirá uns custos indirectos por importe de 27.945,46 €, que non son obxecto de compensación no Convenio. Estes custos están desagregados na memoria económica do convenio (anexo III) e distribúense anualmente da seguinte maneira:

Custos indirectos PTG, S.A.	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026
27.945,46 €	8.033,22 €	16.335,33 €	3.576,91 €

SEXTA.- Incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos polas partes

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra, no prazo de 10 días hábiles, coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

O dito requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

SÉTIMA.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control do convenio

Ao abeiro do presente convenio créase unha Comisión de Seguimento e Coordinación das accións que se recollen neste, e que estará constituída polo menos polas seguintes persoas:

Pola Axencia Galega de Innovación:

- A directora da Área de Servizos ou persoa en quen delegue.

Polo Instituto Galego de Promoción Económica:

- O director da Área de Internacionalización ou persoa en quen delegue.

Pola Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (PTG):

- O director xerente da sociedade ou persoa en quen delegue.

Opcionalmente cada entidade poderá designar un membro adicional para formar parte desta comisión.

A dita Comisión encargarse de:

- Realizar o seguimento das actuacións, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos das partes.
- Resolver as dúbidas de interpretación e cumprimento que poidan orixinarse respecto do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse tantas veces o solicite algún dos seus membros.

No que respecta á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos rexerá o disposto na normativa vixente en materia de órganos colexiados contida no Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico.

OITAVA.- Comité técnico

Crearase un Comité Técnico encargado da avaliación e selección das empresas participantes no programa que estará constituído por dous membros designados por cada unha das entidades (GAIN, IGAPE e PTG).

NOVENA.- Réxime de modificación

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización conxunta por GAIN e IGAPE e formalizárase mediante a correspondente addenda ao presente convenio.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver polo PTG ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio perfecciónase pola prestación do consentimento das partes e a vixencia esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de marzo de 2026.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes, sen prexuízo do que se indica na cláusula sexta.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- A alteración das accións a realizar sen autorización conxunta da GAIN e do IGAPE.

- A suspensión do convenio por parte da Axencia Galega de Innovación ou por parte do Instituto Galego de Promoción Económica por razóns de interese público.
- O acordo unánime entre todas as partes, formalizado por escrito.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade e rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do PTG para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos de carácter persoal

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de

decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade do PTG, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse ao PTG, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa como se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O IGAPE e GAIN responden fronte ao PTG do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio, non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, á que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DÉCIMO QUINTA.- Autorizacións

PTG consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO SEXTA.- Natureza xurídica, réxime xurídico e controversias

O presente convenio ten natureza administrativa quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive deste, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de mutuo acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación e execución deste convenio, someténdooas á Comisión de Seguimento prevista neste. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso – administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica,

Por GAIN e o IGAPE

Por Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

D^a. María Jesús Lorenzana Somoza

D^a. Patricia Argerey Vilar

ANEXO I

Plan de actividades proposto para a celebración do programa de aceleración para a Internacionalización de pemes GALICIA AVANZA nas anualidades 2024 e 2025.

GALICIA AVANZA é un programa de aceleración especializado na comercialización exterior da innovación, que, aproveitando a oportunidade e a demanda social e industrial, persegue conseguir a internacionalización e fortalecemento no mercado exterior de solucións innovadoras en produtos ou servizos no menor tempo posible.

O programa levarase a cabo durante as anualidades de 2024 e 2025, cunha convocatoria prevista por cada ano aínda que se prevé o solapamento de ambas convocatorias coincidindo os últimos meses da primeira cos primeiros meses da segunda.

O **obxectivo** de GALICIA AVANZA é impulsar a internacionalización das pemes (micro, pequenas e medianas) de calquera tipo de ámbito ou sector. Os produtos e servizos deben ser capaces de atesourar, polo menos, unha vantaxe competitiva, co apoio en solucións innovadoras (dispoñibles ou moi próximas ao mercado) que necesiten unha panca para a validación, posicionamento e fortalecemento da súa competitividade, posicionando así o tecido empresarial galego no mercado global. O deseño e desenvolvemento do programa de Aceleración en Internacionalización estruturarase arredor de catro actuacións principais e unha actuación transversal, onde se levarán a cabo as seguintes actividades/accións:

Fase 1. Deseño do Programa

1.1. Revisión das convocatorias anteriores e definición das bases das novas.

Revisión das anteriores convocatorias do Programa e realización de posibles axustes nos perfís obxectivo dos beneficiarios do programa GALICIA AVANZA. Revisión e definición dos criterios de adxudicación. Revisión e definición do sistema de selección de beneficiarios. Redacción das novas convocatorias.

1.2. Definición dos pregos técnicos de contratación de titores coñecedores do ecosistema da innovación galega, o desenvolvemento de negocios e expertos en diferentes áreas de internacionalización. Definición dos perfís técnicos adecuados para titorizar ás empresas beneficiarias, deseñar e facer seguimento dos itinerarios personalizados.

1.3 Definición das actuacións de comunicación para a difusión e seguimento da aceleradora.

Fase 2. Programa de aceleración

2.1. Lanzamento dunha convocatoria anual destinada a pemes de calquera sector con produtos e servizos innovadores (en nivel de madurez tecnolóxica TRL 8 a 9) e con potencial de desenvolvemento a nivel internacional.

2.2. Selección por parte do Comité Técnico de ata un máximo de 30 empresas beneficiarias por convocatoria.

2.3. Deseño, a través de sesións de traballo individual entre as empresas beneficiarias da convocatoria e os titores coñecedores do ecosistema da innovación galega, o desenvolvemento de negocios e expertos en diferentes áreas de internacionalización, dun itinerario específico para cada beneficiario en función das súas demandas e necesidades particulares orientado a reforzar o modelo de negocio e acelerar o desenvolvemento empresarial e a comercialización no estranxeiro de todos os novos produtos/servizos ou solucións desenvolvidos.

2.4. Implementación, seguimento e control do desenvolvemento dos servizos asociados aos itinerarios para cada unha das empresas beneficiarias.

2.5 Acceso das pemes beneficiarias a unha carteira de mentores expertos en diferentes materias para recibir asesoramento específico no proceso de internacionalización (validación de interese nalgúns sectores, entidades dispostas a realizar unha implantación piloto ou validar as características do produto/servizo).

2.6. No caso de ter dispoñibilidade de orzamento por aforros nas contratacións, pódese considerar a opción doutras actividades en paralelo no ámbito da

internacionalización e a innovación dirixidas ás empresas beneficiarias, como por exemplo dar asesoramento para presentar proxectos a convocatorias de internacionalización de I+D de CDTI ou Europa.

Fase 3: Accións de formación e capacitación transversais

Organización dun Programa de Capacitación paralelo e puntualmente con carácter aberto (non restrinxido unicamente ás empresas seleccionadas no programa) cunha serie de xornadas formativas (formato virtual e presencial se é posible) con temáticas prácticas relacionadas coa adquisición de competencias comerciais de produtos e servizos innovadores no exterior, e tendo de base necesidades formativas detectadas polos titores e titoras entre as beneficiarias seleccionadas.

O programa contará, como mínimo, a celebración de 6 xornadas formativas para os beneficiarios do programa de duración como mínimo de 2 horas, e 2 xornadas formativas de carácter aberto (incluíndo axentes non beneficiarios directos do programa) de duración mínima de 2 horas.

Fase 4: Encontro final de cada convocatoria

Está previsto un primeiro encontro ao final da primeira convocatoria e un segundo encontro de maiores dimensións e de grande alcance ao finalizar a segunda convocatoria no que participen as empresas beneficiarias de ambas edicións. Combinaranse sesións ou conferencias de relatores de referencia, coa posibilidade de manter reunións one-to-one e a visibilización das empresas apoiadas a través dunha zona expositiva.

Actuación transversal: Oficina técnica

T.1. Execución dos labores de Oficina Técnica encamiñados a realizar os labores de coordinación, xestión, relación coas pemes beneficiarias, seguimento e control para

a posta en marcha e a realización das anteriores actuacións do programa GALICIA AVANZA.

T.2. Contratación dos servizos prescritos nos itinerarios deseñados. Selección e contratación dos provedores máis adecuados para cubrir as necesidades prescritas polos titores nos itinerarios personalizados.

T3. Planificación, coordinación e seguimento das actividades de difusión e promoción da aceleradora:

- Contratación da actualización da información contida na sección da páxina web do PTG, S.A. referida a Galicia Avanza e aos eventos finais de cada convocatoria
- Contratación da adaptación da imaxe gráfica ás novas convocatorias.
- Difusión da convocatoria como mínimo, mediante as seguintes accións:
 - Publicación de banner na web de Tecnópolis
 - Publicación de banner en Twitter e LinkedIn de Tecnópolis
 - Publicación de nota de prensa
 - Publicación de Newsletter
 - Envío de información a BBDD de contactos

TECNÓPOLE, IGAPE e GAIN coordinaranse para a realización das tarefas e porán a disposición os recursos necesarios para o seu cumprimento.

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O Parque Tecnolóxico de Galicia deberá presentar, para o pago das cantidades previstas na cláusula quinta relativa ao compromiso económico, a seguinte documentación:

- NIF da entidade.
- Certificado bancario de titularidade.
- Certificacións actualizadas que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula décimo cuarta deste convenio, o PTG autoriza a realización destas.
- Facturas por un total de 2.200.000 € (IVE incluído), polos seguintes importes máximos:
 1. Antes do 30/11/2024: 282.000 € (IVE incluído)
 1. Antes do 31/03/2025: 809.000 € (IVE incluído)
 2. Antes do 30/11/2025: 627.000 € (IVE incluído)
 3. Antes do 31/03/2026: 482.000 € (IVE incluído)

Estes prazos poderán ser obxecto de modificación segundo se indica na cláusula quinta deste convenio.

Tendo en conta o compromiso económico de GAIN e IGAPE para o financiamento das actuacións (1.600.000 € de GAIN e 600.000 € de IGAPE) o importe a facturar en cada xustificación de cada unha das anualidades responde a unha distribución conforme se indica na cláusula quinta, e que se corresponde porcentualmente da seguinte maneira:

- No exercicio 2024:
 - 53,19 % factúrase a GAIN
 - 46,81 % factúrase a IGAPE
- No exercicio 2025:
 - 76,60 % factúrase a GAIN
 - 23,40 % factúrase a IGAPE
- No exercicio 2026:
 - 72,61 % factúrase a GAIN
 - 27,39 % factúrase a IGAPE

Cada unha das facturas presentadas deberá acompañarse dunha memoria de actividades na que se recolla a descrición das tarefas realizadas.

Coa primeira factura presentarase unha memoria de actividades co seguinte contido:

- Número de entidades presentadas e a súa tipoloxía.
- Valoración técnica das pemes seleccionadas.

- Definición dos itinerarios personalizados para cada un dos participantes e servizos incluídos no desenvolvemento destes.
- Comprobación da asistencia efectiva ás actividades de capacitación realizadas ata a data.
- Persoal participante na iniciativa por cada unha das empresas seleccionadas.

En todo caso, para o pago da primeira factura deberá acreditarse a finalización da actuación 1 "Deseño do programa" e dentro da actuación 2 "Programa de aceleración" a finalización das fases 2.1, 2.2. e 2.3. , e ter iniciadas as fases 2.4. e 2.5. Tamén deberá acreditarse ter realizada algunha xornada formativa dentro das previstas na actuación 3 "Accións de formación e capacitación transversal".

Coa segunda factura presentarase unha memoria final da primeira convocatoria co resumo de actividades do programa, acreditándose así a finalización de todas as actuacións contempladas no programa para a convocatoria 2024.

Coa terceira factura presentarase unha memoria de actividades co seguinte contido:

- Número de entidades presentadas á segunda convocatoria e a súa tipoloxía.
- Valoración técnica das pemes seleccionadas.
- Definición dos itinerarios personalizados para cada un dos participantes e servizos incluídos no desenvolvemento destes.
- Comprobación da asistencia efectiva ás actividades de capacitación realizadas ata a data.
- Persoal participante na iniciativa por cada unha das empresas seleccionadas.

Para o pago da terceira factura deberá acreditarse, respecto á segunda convocatoria do programa, a finalización da actuación 1 “Deseño do programa” e ter avanzada a realización de actividades dentro da actuación 2 “Programa de aceleración” (tendo polo menos executadas as fases 2.1., 2.2. e 2.3.) e ter avanzadas as fases 2.4. e 2.5 en máis dun 50%. Tamén deberá acreditarse ter realizada algunha xornada formativa dentro das previstas na actuación 3 “Accións de formación e capacitación transversal”.

Coa cuarta factura presentárase unha memoria final da segunda convocatoria co resumo de actividades do programa, acreditándose así a finalización de todas as actuacións contempladas no programa para a convocatoria 2025.

Cada factura tamén se acompañará dunha memoria económica na que conste unha certificación dos gastos coa relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do acredor e do documento, importe, data de emisión e data de pago. No caso de custos de recursos propios xustificárase cunha declaración das imputacións destes recursos á actividade correspondente asinada polo responsable de PTG.

Na memoria final das actividades desenvolvidas de cada convocatoria constará a repercusión do programa nos medios de comunicación, os resultados e alcance de todas as actuacións e o expediente completo de cada empresa beneficiaria que participara na convocatoria co detalle da execución do seu itinerario.

En todo caso, o IGAPE e GAIN, resérvanse o dereito de solicitar toda a documentación que consideren precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pago.

PTG manterá a disposición do IGAPE e GAIN ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro deste convenio non acaden os importes dos gastos xustificables e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

ANEXO III - DESAGREGACIÓN DOS GASTOS ESTIMADOS (en euros)

Concepto	Nº persoas	Nº unidades	Tipo unidade	Orzamento GAIN/IGAPE	Custo asumido por PTG
Fase 1. Deseño do programa					
Persoal propio	4	240	horas	8.269,80	
Custos indirectos					2.067,45
Subtotal Fase 1				8.269,80	2.067,45
Fase 2. Programa de aceleración					
Persoal propio	3	660	horas	23.017,50	
Subcontratación de consultoría para definición de itinerarios, mentorización e seguimento.	10	7800	horas	335.400,00	
Subcontratacións para a execución dos itinerarios personalizados de comercialización.		60	pemes	1.200.000,00	
Custos indirectos					5.754,38
Subtotal Fase 2				1.558.417,50	5.754,38
Fase 3. Accións de formación e capacitación transversal					
Persoal propio	3	200	horas	6.150,46	
Xornadas de formación para pemes beneficiarias		6	xornadas	15.000,00	
Xornadas de formación en aberto		2	xornadas	2.000,00	
Custos indirectos					1.537,62
Subtotal Fase 3				23.150,46	1.537,62
Fase 4: encontro final en cada convocatoria					
Persoal propio	4	380	horas	11.433,06	
Subcontratación asistencias técnicas				30.000,00	
Honorarios relatores, desprazamentos, hoteis, etc				20.000,00	
Comunicación, prensa, publicidade ...				4.000,00	
Caterings, materiais e autobuses para participantes, plataforma de reunións ...				20.000,00	
Aluguer equipamentos e carpas, acondicionamento e deseño de espazos ...				50.000,00	
Custos indirectos					2.858,27
Subtotal Fase 4				135.433,06	2.858,27
Actuación transversal: oficina técnica					
Persoal propio	4	2000	horas	62.911,00	
Adaptación de contidos na web e deseños imaxe do Programa				3.000,00	
Comunicación				6.000,00	
Publicidade				6.000,00	
Publicacións (vídeo, revista, ...)				12.000,00	
Materiais funxibles				3.000,00	
Custos indirectos					15.727,75
Subtotal Oficina técnica				92.911,00	15.727,75
TOTAL (sen IVE)				1.818.181,82	27.945,46
IVE Repercutido (21%)				381.818,18	
GASTO CONVENIO (IVE incluído)				2.200.000,00	
IMPORTE TOTAL DO CONVENIO				2.227.945,46	